

Nota de prensa

Eros Galicia 2010: máis de 450 espectáculos, 7 escenarios, áreas temáticas para mulleres e swingers, zona gay e nomes como a mítica Sophie Evans, Anastasia Mayo ou Totó García, do 5 ao 7 de marzo en EXPOCoruña

A Coruña, 24 de febreiro de 2010. Xa está todo preparado para a **segunda edición de Eros Galicia**, o único salón erótico que se desenvolve na comunidade. Á presentación acudiron representantes artísticos do certame como a estrela internacional, **mito do cine para adultos e invitada de honra de Eros Galicia 2010**, a húngara **Sophie Evans**, o actor, produtor e director galego **Totó García** e a actriz galega **Yara Lamas**, xunto a membros da organización, responsable das máis de 15 edicións do Festival Erótico de Barcelona.

Para **Ferrán Simón**, Director Comercial de **Eros Galicia 2010**, esta segunda edición parte do obxectivo de **“entreter ao público galego mediante os mellores espectáculos eróticos que hoxe en día poden verse en Europa. Queremos provocar a imaxinación de todos os visitantes, que participen en obradoiros e debates en torno á sexualidade ou compren produtos que melloren as súas relacións íntimas. E darlles a posibilidade de ver, coñecer e incluso fotografarse coas súas estrelas favoritas. A primeira edición tivo unha gran resposta con máis de 10.000 visitantes e é a nosa responsabilidade ofrecer novos, mellores e máis completos espectáculos, en liña á nosa política presente en festivais como o de Barcelona ou Porto”**.

Máis de sesenta artistas de todo o mundo

A segunda edición de Eros Galicia desenvolverase **entre os días 5 e 7 de marzo en EXPOCoruña** e contará coa participación de **máis de 60 artistas** de diversos países europeos: nomes como os de **Sophie Evans, Dunia Montenegro, Anastasia Mayo** ou a galega **Yara Lamas** non faltarán a esta cita, xunto a actores como os **galegos Totó García e David Galant, p valenciano Samuel Soler e o sueco Rob Diesel**, ademais das principais produtoras e distribuidoras de cine para adultos como “Negro y Azul” de Valencia, a galega “Pornoaburrirse”, “X Canal” de Madrid e “Vendicio” de Barcelona.



EROS Galicia'10

II Salón Erótico de Galicia
Expocoruña - A Coruña
www.erosgalicia.com

5 a 7 de
Marzo
2010

Eros Galicia 2010 abarca **os distintos ángulos do erotismo, ampliando e completando os espectáculos da primeira edición**. Deste xeito, haberá **zonas dedicadas en exclusiva á muller, aos swingers, aos gays e ao BDSM, desenvolvendo durante seus tres días de duración máis de 450 espectáculos nos 7 escenarios que o conforman**. Ademais, realizarase unha homenaxe á revista "Galicia Erótica", única revista erótica autonómica en España, que xa chega a los 125 números publicados.

De xeito previo á celebración de Eros Galicia, a súa **web invitou á participación, tanto coa votación do galego e galega máis sexy, ata o día 25, como a través dos diferentes concursos como o de piropos, fotografía e relatos**. A partir de hoxe, iníciase a votación dos máis orixinais, divertidos e picantes, con entradas para o salón como regalo para os gañadores.

A información actualízase puntualmente en: <http://www.erosgalicia.com>

Contactos Prensa:

Cultura de Comunicación

Christian Sellés // Raquel Rodríguez

csp@culturadecomunicacion.com // rrr@culturadecomunicacion.com

(+34) 981 216 879

Natalia Kim

info@promopress.com

Móvil: (+34) 608-59 50 10